

## **COMPENDIO**

No prólogo que precede ós poemas de *Verba quae supersunt*, Raúl Gómez Pato xustifica, aludindo ós teóricos da literatura, o carácter de continuidade que toda obra ten pois non hai que esquecer que esta constrúese sempre sobre todo o anterior, bebendo das fontes que sentaron as bases da historia das letras. Precisamente, neste seu novo volume poético vai primar este aspecto resgatando, a xeito de homenaxe, ós autores latinos máis admirados e así o dramatismo de Tiberio Graco, o sarcasmo de Ausonio, a fábula de Fedro e a filosofía profunda de Séneca, entre outros, van trascender nos versos de Gómez Pato como un compendio de camiños a percorrer pola existencia humana.

*Tempos Novos*, 77, outubro 2003, p. 79